

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 09 DE XUÑO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00030417L.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/38/2022.

Presentación de solicitudes do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) Local – Liña 2 – 2022.

Acórdase:

Primeiro. Acordar a participación no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) Local – Liña 2 (2022) e a aceptación do procedemento regulado na Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Segundo. Acordar o compromiso de que o Concello disporá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxectos de rehabilitación do Estadio Municipal Verónica Boquete (San Lázaro) e do Auditorio de Galicia.

Terceiro. Acordar o compromiso da obriga da parte non subvencionable recollido nos proxectos presentados a dita convocatoria para a rehabilitación do Estadio Municipal Verónica Boquete (San Lázaro) e do Auditorio de Galicia, coa seguinte distribución:

- *Rehabilitación do Estadio Municipal Verónica Boquete:* Toda a actuación está valorada en 2.998.725,26 euros (sen IVE), dos cales seguindo as limitacións de subvencionalidade da convocatoria, 2.848.845,66 euros sería o importe total solicitado como a axuda do PIREP. Correspondéndolle ao Concello asumir a parte non subvencionable, 149.879,60 euros, e o IVE correspondente, 629.732,30 euros, facendo un total de 779.611,91 euros.
- *Rehabilitación do Auditorio de Galicia:* Toda a actuación está valorada en 1.469.441,57 euros (sen IVE), dos cales seguindo as limitacións de subvencionalidade da convocatoria, 1.418.049,47 euros sería o importe total solicitado como a axuda do PIREP. Correspondéndolle ao Concello asumir a parte non subvencionable, 51.392,10 euros, e o IVE correspondente, 308.582,73 euros, facendo un total de 359.974,83 euros.